

A stylized, colorful illustration of four faces arranged in a square. Each face has large, round eyes with spiral patterns inside. The faces are rendered in various colors: top-left is green with pink glasses, top-right is yellow with green glasses, bottom-left is brown with green glasses, and bottom-right is blue with pink glasses. The background is a mix of teal and blue.

CINEMAS DE GALICIA

CATÁLOGO
2016

ILMO. CONCELLO
O Grove



AGADIC
Agencia Galega das
Industrias Culturais

galicia

 XUNTA
DE GALICIA

PRIMEIRA QUENDA

16/04 *A praia dos afogados*

30/04 *A tropa de trapo na selva do arco da vella*

07/05 *A cicatriz branca*

21/05 *Os fenómenos*

04/06 *O noso último verán en Escocia*

CASA DA CULTURA

20.00 h

SEGUNDA QUENDA

02/10 *9 ondas*

23/10 *Maimiño e o espello máximo*

30/10 *Arraianos*

06/11 *Encallados*

20/11 *Meigallos*

CARPA INSTITUCIONAL

19.00 h

CINEMAS
DE
GALICIA

www.agadic.gal/cinemasdegalicia

AGADIC



gàlicia



XUNTA
DE GALICIA



A PRAIA DOS AFOGADOS

Thriller / 100 minutos / 2015 / España / Maiores de doce anos

Director: Gerardo Herrero

Produtores: Carlos Rodríguez, Gerardo Herrero

Con Carmelo Gómez, Celso Bugallo, Luis Zahera, Tamar Novas, Marta Larralde

O océano nunca precisou de amarras para matar

Unha mañá, o cadáver dun mariñeiro é arrastrado pola marea ata a beira. Se non tivese as mans atadas, Xusto Castelo sería outro dos fillos do mar que encontrou a súa tumba entre as augas mentres faenaba. Sen testemuñas nin rastro da embarcación do falecido, o inspector Leo Caldas somerxerase no ambiente mariñeiro da vila, tratando de esclarecer o crime entre homes e mulleres que se resisten a desvelar as súas sospeitas e que, cando decidan falar, apuntarán nunha dirección inesperada.

Data: sábado 16 de abril

Hora: 20.00 h

Lugar: Casa da Cultura Manuel Lueiro Rey



A TROPA DE TRAPO NA SELVA DO ARCO DA VELLA

Animación, Aventuras, Preschool / España / 2014 / 74 min / Todos os públicos

Director: ALEX COLLS

Produtores: CHELO LOUREIRO, PANCHE CASAL, ALEX COLLS

A primeira aventura en forma de película dirixida especialmente aos máis pequenos da casa.

A tropa de trapo é un grupo de irresistibles mascotas que intentará seducir aos nenos e nenas que están despertando ao mundo, atrapándoo nunha divertida aventura que, ademais de entretelos, os axude a consolidar neles valores como a solidariedade e o respecto ao medio ambiente. Para ser feliz debe haber certa felicidade universal, e a felicidade compartida é a máis perfecta felicidade. Nesta aventura viaxarán ata a Selva do Arco da Vella para axudarlle a recuperar as súas cores que, debido ao mal que tratamos o noso planeta, estaban apagándose, perdendo o seu brillo orixinal. Iso podería indicar que todas as cores da Terra poden desaparecer para sempre e *A tropa* non pode permitir que isto suceda!

FESTIVAIS E PREMIOS

Festival Int. de Cine de Cartagena de Indias (Colombia), 2014

Festival de Málaga, 2014 BAFICI.

Buenos Aires (Argentina), 2014

Festival Internacional de Cine de Panamá, 2014

Data: sábado 30 de abril

Hora: 20.00 h

Lugar: Casa da Cultura Manuel Lueiro Rey



a cicatriz branca

un filme de
Margarita Ledo Andión

Guion e dirección: Margarita Ledo Andión | Dirección de fotografía: Pablo Cayuela Miguel
Escritor: Ramón Ledo Cordeiro | Música: Aitor Rábade | Con: Eva Veiga, Xabier Deive, Lino Braxe,
Tamara Novas, Mónica Camacho, Margarita Fernández, Xosha Prieto e Cándido Iglesias



A CICATRIZ BRANCA

Drama / España, Arxentina / 2012 / 92 min / Maiores 12 anos

Directora: MARGARITA LEDO ANDIÓN

Produtores: MARGARITA LEDO ANDIÓN, VANESSA RAGONE

Con: EVA VEIGA, XABIER DE IVE, LINO BRAXE

A cicatriz branca é unha ficción de base documental sobre a memoria colectiva das galegas emigrantes

Na primeira metade do século XX, milleiros de mulleres saíron soas de Galicia cara a América. Moitas delas eran ilegais, con papeis que falsificaban a súa idade e mesmo a súa identidade. Historias ordinarias como a de Merce, destinada a servir e, despedida repentinamente. Sen lugar onde ir nin a quen acudir, Merce pasa tres días e tres noites encadenada na Estación Constitución onde a súa vida entrenza coa doutras emigrantes.

FESTIVAIS E PREMIOS

Cineuropa, Santiago de Compostela, 2012

Babel Film Festival (Italia), 2013

Festival de Cinema Internacional de Ourense (OUFF), 2013 Festival Miradas de Mujer, 2014

Data: sábado 7 de maio

Hora: 20.00 h

Lugar: Casa da Cultura Manuel Lueiro Rey



OS FENÓMENOS

Drama social / España / 2012 / 100 min / Maiores 16 anos

Director: ALFONSO ZARAUZA

Produtores: RUBÉN ZARAUZA, FARRUCO CASTROMÁN, LUIS TOSAR

Con: LOLA DUEÑAS, LUIS TOSAR, MIGUEL DE LIRA

Benvida á «cuadrilla».

Os fenómenos é unha cuadrilla de obreiros aos que alcuman así pola súa capacidade para levantar metros cadrados construídos.

FESTIVAIS E PREMIOS

Premio do Xurado - Festival Europeo de Bruselas (BIFF) (Bèlxica), 2014

Mellor Guión, Mellor Fotografía, Mellor Música - Festival Iberoamericano do Ceará (Brasil), 2014
Festival de Málaga, 2014

Festival de Cine Español de Nantes (Francia), 2014

Espagnolas en París (Francia), 2014

Festival du Films du Monde, Montreal (Canadá), 2014

Jagran Film Festival, Bombay (India), 2014

Festival Int. de Sao Paulo (Brasil), 2014

London Spanish Film Festival (Reino Unido), 2014

Festival de Nuevo Cine Iberoamericano de La Habana (Cuba), 2014

Festival Int. de Santa Bárbara (Estados Unidos), 2014

Manchester Viva Festival (Reino Unido), 2014

Data: sábado 21 de maio

Hora: 20.00 h

Lugar: Casa da Cultura Manuel Lueiro Rey



O NOSO ÚLTIMO VERÁN EN ESCOCIA

Comedia dramática / 95 minutos / 2014 / Reino Unido / Todos os públicos

Directores: Andy Hamilton, Guy Jenkin

Con Rosamund Pike, David Tennant, Billy Connolly

Vive máis, pensa menos

Doug e Abi son dous pais normais que teñen tres fillos encantadores aínda que moi excéntricos. Cando a tensión de ser pais pon en perigo a súa estabilidade mental e o seu matrimonio, deciden realizar unha viaxe a Escocia cos seus fillos. Alí participarán nunha gran reunión familiar e reencontraranse con Gordie, o increíblemente extravagante pai de Doug.


FESTIVAIS E PREMIOS

Premio do público, Seminci (Valladolid), 2014

Data: sábado 04 de xuño

Hora: 20.00 h

Lugar: Casa da Cultura Manuel Lueiro Rey



9 ONDAS

Drama / España / 2013 / 98 min / Maiores 18 anos

Director: SIMONE SAIBENE

Con: DARIO MERLINI, MARÍA TASENDE, ISABEL RISCO

Produtores: SIMONE SAIBENE, CROWDFUNDING

Na fronteira entre Galicia e Portugal, un home esquece os seus recordos ao beber auga dunha fonte. Comeza así un camiño cara á súa verdadeira identidade.

FESTIVAIS E PREMIOS

Nomeado a Mellor Longametraxe 2014 - Academia Galega do Audiovisual (Mestre Mateo)

Data: domingo 2 de outubro

Hora: 19.00 h

Lugar: Carpa Multiusos do Corgo



MAIMIÑO E O ESPELLO MÁXICO

Animación / 73 minutos / 2012, 2013 / España, Cuba / Familiar

Director: Ernesto Padrón,

Produtores: Esther Hirzel, Mamen Quintas

O saber pode máis ca forza

Maimiño é a historia dun pequeno mozo que quere sacar a súa familia da pobreza e decide marchar para a cidade xunto aos seus irmáns. Alí decátase de que un enorme carballo encantado ten o palacio do rei nas tebras e sen auga, e que o soberano prometeu outorgar en matrimonio a súa filla, a princesa, a quen logre cortar a árbore

FESTIVAIS E PREMIOS


Nomeada a mellor película de animación, Premios Goya, 2016

Mellor longametraxe de animación, Academia Galega do Audiovisual (Premios Mestre Mateo), 2015

Data: domingo 23 de outubro

Hora: 19.00 h

Lugar: Carpa Multiusos do Corgo



ARRAIANOS

Documental - Natureza, Antropoloxía / España / 2012 / 67 min / Todos os públicos

Director: ELOY ENCISO

Produtores: CARLOS ESBERT, ELOY ENCISO, FELIPE LAGE CORDO

Que queda ao final, cando xa todo se consumiu?

Os habitantes dun pequeno pobo perdido nos bosques entre Galicia e Portugal viven e traballan rodeados por un bosque interminable. Incapaces de atopar unha saída, os Arraianos pregúntanse polas razóns do seu confinamento. Un día, un estraño chega: a posibilidade dun cambio, unha saída, unha vía de purificación... Nalgún lugar entre a realidade e o conto, as vidas dos Arraianos crean unha fábula sobre o mundo rural e a súa obstinada resistencia a desaparecer.

FESTIVAIS E PREMIOS


Locarno Film Festival (Suíza), 2012
 Filmfest Hamburg (Alemania), 2012
 Vancouver Int. Film Festival (Canadá), 2012
 Festival Du Nouveau Cinema, Montreal (Canadá), 2012
 Doclisboa (Portugal), 2012
 Viennale, Vienna Int. Film Festival (Austria), 2012
 REC, Festival Internacional de Cinema de Tarragona, 2012
 Cine Latino Film Festival, Tübingen (Alemania), 2012
 Cineuropa, Santiago De Compostela, 2012
 Premio Novas Ollas - Festival de Cine Europeo de Sevilla, 2012
 Festival Cinematográfico Int. del Uruguay, 2013
 Mención Especial - Fest. Int. de Cine de la Unam, México, 2013
 Play-Doc, Tui, 2013
 Premio Vanguarda e Xénaro - BARCI (Arxentina), 2013
 Premio Novo Talento - Festival Int. de Cinema D'autor de Barcelona, 2013
 Festival Primavera Do Cine (Vigo), 2013

Pärnu Int. Doc. and Anthropology Film Fest. (Estonia), 2013
 Premio Transcinema - Festival de Cine De No-Ficción de Lima (Perú), 2013
 Melbourne Int. Film Festival (Australia), 2013
 SANFIC, Santiago Festival Int. de Cine, Santiago de Chile, 2013
 Cinespaña, Festival du Cinéma Espagnol de Toulouse (Francia), 2013
 Brisbane International Film Festival (Australia), 2013
 Underdog: Festival Für Dokument Und Experiment, Munich (Alemania), 2013
 Babel Film Festival, Cerdania (Italia), 2013

Data: domingo 30 de outubro

Hora: 19.00 h

Lugar: Carpa Multiusos do Corgo



ENCALLADOS

Comedia / España / 2013 / 65 min / Maiores 12 anos

Director: ALFONSO ZARAUZA

Productor: FARRUCO CASTROMÁN

Con: FEDERICO PÉREZ, XULIO ABONJO, RICARDO DE BARREIRO

Unha película sobre a imposibilidade de facer unha película

O revés financeiro da industria cinematográfica e un sistema de axudas públicas pouco operativo fan que un director de cine teña que reinventar o guión dun filme en dúas semanas. Entre el e dous recoñecidos guionistas galegos somérxense nun proceso creativo que non parece ir a bo porto. No proceso de escritura teñen que lidar coa presión do produtor, as dificultades de escribir sen caer en tópicos e o complicado de equilibrar a creatividade coas posibilidades reais de produción, ata que se decatan de que o propio proceso creativo que están a vivir ten entidade propia como historia.


FESTIVAIS E PREMIOS

Mellor Película Para Televisión, Mellor Director de Fotografía, Mellor Montaxe - Academia Galega do Audiovisual (Mestre Mateo), 2014

Data: domingo 6 de novembro

Hora: 19.00 h

Lugar: Carpa Multiusos do Corgo



MEIGALLOS

Animación / 77 minutos / 2015 / España, Brasil / Todos os públicos

Directora: Virginia Curiá

Produtor: Pancho Casal

Unha aventura sobre meigas na era da tecnoloxía

A pequena Malva, fan de calquera dispositivo tecnolóxico, vai vivir unha aventura, con misión de rescate incluída, chea de acción, suspense e diversión. Despois do misterioso secuestro da súa avoa, coa que vive e que se dedica a axudar á xente cos seus coñecementos sobre as plantas medicinais, Malva inicia unha viaxe por lugares descoñecidos e perigosos, onde terá que enfrontarse a algúns antagonistas que, sen escrúpulos, tratarán de roubar a fórmula tradicional da súa avoa para comercializala na súa fábrica de cosméticos.

FESTIVAIS E PREMIOS

Festival de Málaga, 2015

Data: domingo 20 de novembro

Hora: 19.00 h

Lugar: Carpa Multiusos do Corgo

ILMO. CONCELLO
O Grove



CINEMAS
DE GALICIA

www.agadic.gal/cinemasdegalicia

AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais

gàlicia



XUNTA
DE GALICIA